



FACEMOS CIENCIA

INSTRUCCIÓN

Para completar esta tarefa deberás seguir as seguintes indicacións:

- Facemos grupos de 3/4 persoas.
- **FICHA 1:**
 - Lemos con atención os pasos a seguir do experimento a realizar.
 - Preparamos o material necesario.
 - Seguimos os pasos por orde para aplicar o método científico na nosa investigación.
- **FICHA 2:**
 - Unha vez realizado o experimento, completamos a ficha de investigación entre todos os membros do grupo.
 - Ao finalizar, cada grupo explica ao resto da clase os resultados obtidos e as conclusións ás que chegou.



A refracción da luz

Obxectivo

Demostrar como a refracción da luz pode cambiar a percepción dun obxecto, utilizando un debuxo introducido en auga.

Material

- Un debuxo en papel en cor e con borde negro todo o debuxo.
- Unha funda de plástico transparente.
- Un recipiente transparente
- Auga

①

Introdución

- O desvío que se produce ao pasar a luz dun medio transparente como o aire a outro como a auga chámase refracción.



②

Preparación

- Debuxa algo sinxelo en papel.
- Colorea o debuxo e márcalle en negro os bordes.
- Introduce o papel na funda de plástico transparente para protexelo da auga.



③

Montaxe

- Coloca a funda co debuxo detrás do recipiente transparente, asegurándote de que estea centrado e visible a través do vidro.



④

Experimento

- Verte auga lentamente no recipiente, asegurándote de non mover o debuxo. Observa como a auga cobre a parte visible do debuxo.



⑤

Resultados

- Observar como cambia a percepción do debuxo ao ollalo a través do vidro con auga.
- Probar distintos ángulos de visión:
 - Desde un lado
 - Directamente de fronte



⑥

Reflexión

- Por que pensades que o debuxo parece cambiar baixo a auga?
- Que cres que está a pasar coa luz?

Conclusións

- A luz cambia de dirección ao pasar polo aire, polo vidro do vaso e pola auga, o que fai que os ollos vexan o debuxo de forma diferente.



Precaucións


- Colocar o vaso nunha superficie estable.
- Supervisar ao alumnado mentres manexan o vaso e a auga.
- Usar un vaso de vidro groso ou plástico transparente resistente.



Facemos ciencia

Nome: _____

EXPERIMENTO Nº ____ : _____



Material

Pasos a seguir

Debuxo

Resultados

